

Temos, ou non temos, orixes celtas? Houbo de veras uns reis de Galiza e, xa que logo, un reino de Galiza no tempo dos suevos e/ou xa entrada a Idade Media? Quen foron, en realidade, e que procuraban, os Irmandiños? Vén resultar Pedro Pardo de Cela un mártir da epopea nacionalitaria ou, tal vez, deveu apenas nun rebelde sen causa? Segue a ter lóxica falarmos duns “Séculos Escuros” no transcorrer de noso? Velaí un pequeno monllo de inquéritos que, malia o paso dos anos e da, felizmente, cada vez maior –e mellor– bibliografía, continúa a petar nas portas dos nosos cidadáns –quen afirmou iso de que “á xente non lle interesa o pasado?”–, devezosos, ou simplemente curiosos, en relación cos aconteceres do “fogar de Breogán”. Historia das historias de Galiza, ao cabo: talmente como o título do volume, coordinado polo catedrático da USC, o profesor Isidro Dubert, que vén de publicar nestes días Edicións Xerais e no que participan figuras de relevo como é o caso de Anselmo López Carreira, Henrique Monteagudo, Pegerto Saavedra, Ofelia Rey Castelao, Ramón Villares ou Lourenzo Fernández Prieto.

Non constitúe, desde logo, a intención deste cronista levar a termo unha análise crítica do contido da referida aportación –plumas ben máis autorizadas que a miña de certo que se han de ocupar dela; vaian, iso si, os meus parabéns desde xa para tan interesante iniciativa–; mais permítanme que escriba que, ao meu ver, unha intención común percorre o conxunto dos traballos incluídos en “Historia das historias de Galicia”: refírome a unha determinada –por máis que non expresamente declarada– vontade de “desmitificación” dalgúns dos sucesos que balizan o noso traxectoria histórica. En efecto, Galiza, como así acontece noutros moitos lugares, foi creando ao longo do tempo os seus propios mitos explicativos: trátase de relatos de carácter defensivo e/ou compensatorio. Defensivos perante esoutros chegados desde

Relatar a Historia

DE BOLINA

Xosé Ramón Pena



alén dos nosos límites xeográficos e que resultan depreciadores, asoballantes mesmo..., en calquera caso, lesivos decote para a dignidade colectiva: velaí, sen ir máis lonxe, a ausencia de calquera alusión ao país galego nos libros de texto de Historia da España para alén dunha tímida referencia á invasión sueva e/ou aquela outra ao “describimento” do sartego do apóstolo Santiago en Compostela. Compensatorios, ao tempo, en relación con esas mesmas carencias e esquecementos e aínda tamén no tocante á procura dunha crónica escintilante que veña encher os, supostos, baleiros épicos que nos aflixen: eis, sen ir máis lonxe, a reivindicación dunha Galiza insubmisas, e nunca entregada a eles, diante dos sublevados de xullo de 1936.

Por máis que os feitos históricos si sexan obxectivos de seu –e cómpre reiterarmos semellante sentenza nun tempo non só de relativismos, senón mesmo e velaí o grave, de trivialización das necesarias capacidades relativizadoras–, entre o exercicio responsable da subxectividade e mais a fantasía disparatada, ás veces só parece debuxarse unha liña de sombra. Apenas cruzamos aquela fronteira difusa, devén que nos volvemos conscientes da importancia crucial do paso dado; en poucas ocasións resulta posible, tal vén ser o drama, unha volta atrás sen traumas. Por todo iso, nunca está de máis citar a Aristóteles:

“amicus Plato, sed magis amica veritas”. Ou tamén como lle gustaba expresar a Manuel Murguía –paradoxalmente, tan patriota el–: “a verdade non ten patria”. Traducido: a verdade non é patrimonio exclusivo de ningunha comunidade, estado... Xa que logo, mentir no (suposto) nome da nación constitúe, si ou si, un pecado arreo.

A consideración de que Galiza é un país de podentes horizontes; un espazo que, de cultivarse na intensidade que merece, ten de producir froitos magníficos. Esoutra de que, fronte ao anterior, a nosa nacionalidade vén sendo obxecto, ao longo dos séculos, dunha aldraxe conspiratoria, artellada xa desde o exterior xa con traidores e laretas agachados entre nós... desde D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, deica aos nosos días –pasando por Frei Martín Sarmiento, Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alfonso Daniel R. Castelao, X.L. Méndez Ferrín ou X.M. Beiras–, ambas as estimanzas nunca deixaron de fornecer o imaxinario de todos os galegos que un bo día se preocuparon/preocupan polo noso destino colectivo. Daquela, e por moito que Jean-François Lyotard e compañía proclamasen a incredulidade nos metarrelatos e mais a operatividade do tecnolóxico par alén do xuízo arredor do que é xusto e verdadeiro, este modesto cronista entende que si precisamos un novo, fluído –e modesto, si; pero con firme pretensión de veracidade no seu deseño– relato do noso decurso. Ben está, entón, que os nosos historiadores indaguen nos diferentes eidos e separen o trigo da palla; porén, non deberán esquecer que foi Miguel de Cervantes –e en efemérede cervantina andamos– aquel que comprendeu a Historia como “a nai da verdade”. Investigador e obxecto investigado, non cabe dúbida de que si veñen coincidir no empeño: xa que logo, a Historia entendida como a Medicina. De veras que pode haber alguén que diga non precisar de semellante bálsamo?